



## INFORMACIÓN PÚBLICA SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2022/2023

### CENTROS ADSCRITOS / DE ADSCRICIÓN

CEIP PLURILINGÜE BENIGNO QUIROGA BALLESTEROS ten como centro adscrito o IES XOÁN MONTES. Rúa Montevideo, 18.

### CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO ESCOLAR 2022/2023

#### 1ª FASE: SOLICITUDE DE RESERVA

(*exclusivo para o alumnado procedente dos centros adscritos*)

1. **Solicitud de reserva** de praza no centro de adscrición mediante a presentación do **Anexo I (modelo ED550A)** no centro de orixe: **11 de xaneiro-8 de febreiro**, ambos os dous incluídos. Alumnado de 6º de Educación Primaria e que no vindeiro curso 2022/23 vai a cursar 1º ESO.
2. Data do sorteo público de letra de prioridade dos apelidos a efectos de desempate: **última semana de febreiro: ( 23/02/2022 ás 10:00 h. )**
3. Publicación de postos escolares vacantes: **antes do 1 de marzo**.

#### 2ª FASE: SOLICITUDE DE ADMISIÓN

(*Para alumnado procedente doutros centros distintos dos adscritos, tamén para alumnado procedente dos centros adscritos que non solicitaran a reserva do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro*)

4. **Solicitud de admisión** mediante a presentación do **Anexo II (modelo ED550B)** no centro solicitado no primeiro lugar de preferencia: **1-21 de marzo**.
5. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (só no caso de haber maior número de solicitudes que de prazas ofertadas): **24 de marzo ao 6 de abril**, ambos os dous incluídos.
6. Publicación das **listaxes provisionais de persoas admitidas** e non admitidas: **o 22 de abril ás 14:00h**.
7. Reclamacións ás listaxes provisionais: nos 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.
8. Publicación das **listaxes definitivas de persoas admitidas** e non admitidas: **o 13 de maio ás 14:00h**.
9. **Adxudicación subsidiaria** de praza **noutro centro** ao alumnado non admitido (por parte da comisión de escolarización, tendo en conta os centros solicitados no modelo ED550B no 2º lugar e seguintes).

#### 3ª FASE: MATRÍCULA

10. Formalización da **matrícula** en E. Infantil e Primaria: **20 de xuño – 30 de xuño**.
11. Formalización da **matrícula** en ESO e bacharelato: **25 de xuño-10 de xullo**.



12. Prazo extraordinario de formalización de matrícula en ESO e bacharelato: 1-10 de setembro.

É probable que desapareza o prazo extraordinario.

**1ª FASE: SOLICITUDES DE RESERVA NO CENTRO DE ADSCRICIÓN (11 xaneiro-8 de febreiro)**

- Os pais, nais e/ou titores legais que desexen solicitar a reserva de posto escolar no seu centro de adscrición, deberán presentar solicitude de reserva de posto escolar utilizando o **Anexo I (modelo ED550A)**.
- Poderán presentar a antedita solicitude dun dos seguintes xeitos:
  - a) Entregándoa no centro de orixe do alumnado (centro no que está actualmente escolarizado).
  - b) Entregándoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través da aplicación web “admisionalumnado”:  
<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>
- A reserva adquirirá carácter vinculante polo que, se a/o alumna/o resultase admitida/o, deberá formalizar a matrícula en tempo e forma no centro de adscrición.
- A presentación desta solicitude de reserva será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro (**salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición até o día 28 de febreiro de 2021**).
- A presentación de solicitude de admisión noutro centro estando vinculado por reserva terá os efectos de perda da prioridade.

**2ª FASE: SOLICITUDES DE ADMISIÓN EN CENTROS NON ADSCRITOS (1-21 de marzo)\***

\*Ampliado o prazo por non ser lectivo o día 20 de marzo.

1. Os pais, nais e/ou titores legais que desexen solicitar praza nun centro distinto ao de adscrición, deberán presentar solicitude de admisión utilizando o **Anexo II (modelo ED550B)**.
2. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude de admisión. Na solicitude poderá indicar ata **seis centros** na orde de prioridade que desexe. Deberá presentala no centro no que solicite praza en primeiro lugar de preferencia. A infracción desta norma (é dicir, a presentación de solicitudes en máis dun centro, ou a presentación de solicitude de admisión tendo presentada solicitude de reserva para o centro de adscrición) **determinará a perda dos dereitos de prioridade** que poidan corresponderlle.
3. Alumnado que ten garantía de permanencia neste centro educativo, porque xa está cursando estudos nel durante o presente ano:

No caso de presentar solicitude de admisión (Anexo II) noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, neste centro. **O alumnado con garantía de permanencia perderá esta cando resulte admitido con carácter definitivo noutro centro.**



4. Alumnado dos centros adscritos que ten reservada a súa praza neste centro educativo, por teren presentado o Anexo I en febreiro e terse aceptado a súa solicitude:

No caso de que desexe presentar solicitude de admisión (Anexo II) noutro centro distinto, deberá comunicar previamente e por escrito a este centro educativo a **renuncia á súa reserva, até o 28 de febreiro.**

5. As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados presentaranse mediante un formulario normalizado. Este formulario estará dispoñible para as familias e poderase entregar nos seguintes lugares :

a) Recollendo o formulario Anexo II (modelo ED550B) gratuitamente no centro educativo e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.

b) Descargando a solicitude da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada>, e da páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na dirección

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/escolarizacioneadmision>

e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.

c) Entregándoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través da aplicación web “admissionalumnado”:

<https://www.edu.xunta.es/admissionalumnado>

#### NORMATIVA REGULADORA

*DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 11 de febreiro de 2022)*

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220211/AnuncioG0598-040222-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220211/AnuncioG0598-040222-0004_gl.html)

*ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 15 de marzo de 2013)*

[http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2014/01/29/orde\\_do\\_12\\_de\\_marzo\\_de\\_2013\\_de\\_desenvolvemento\\_admision.pdf](http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/01/29/orde_do_12_de_marzo_de_2013_de_desenvolvemento_admision.pdf)

*ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013. (DOG 1 de febreiro de 2017)*

[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170201\\_admision.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170201_admision.pdf)



ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B).

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201222/AnuncioG0598-211220-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201222/AnuncioG0598-211220-0001_gl.html)

### ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO E ÁREAS LÍMITROFES

Pódense consultar na secretaría do centro ou no buscador de centros da páxina [edu.xunta.es](http://edu.xunta.es)

<https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/BuscaCentros.do>

Igualmente, pódese descargar a imaxe dos mapas das areas de influencia na páxina web da Consellería de Educación <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/30060>

### SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS POLO CENTRO

**Este centro non conta nin con transporte nin comedor escolar.**

#### TRANSPORTE ESCOLAR

Regulado na seguinte normativa:

- Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia. (DOG 27 de xuño de 1988)
- Orde do 15 de decembro de 1989 reguladora do transporte de escolares e obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia. (DOG 9 de xaneiro de 1990). Corrección de erros (DOG 1 de marzo de 1990)
- Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar.

#### COMEDOR ESCOLAR

Regulado na seguinte normativa:

- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. (DOG 13 de agosto de 2013)
- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG 5 de marzo de 2007)



- Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar.
- Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar.